



DATA: 17/10/2017

HORA:20:30

## COMPLEMENTO Nº 1

### SISTEMA GPS DE RECOÑECEMENTOS

Este ano empregaráse o sistema de seguimento de GPS da empresa ANUBE, tanto nos recoñecementos, como no transcurso da proba.

O GPS dos recoñecementos recolleráse na sede da Escudería Miño Lugo, Divina Pastora 2 Baixo en Lugo, no momento de recoller o Libro de Ruta para efectuar os recoñecementos, e deberá colocarse durante todo o transcurso dos recoñecementos fixado na parte interior do parabrisas dianteiro do vehículo que se empregue para os mesmos, debendo estar sempre encendido.

**NON SE ENTREGARÁ NIN O LIBRO DE RUTA NIN O DISPOSITIVO GPS FORA DO PROPIO DIA SINALADO PARA O ENTRENO, E SOAMENTE SE ENTREGARA A ALGÚN MEMBRO DO EQUIPO (PILOTO E COPILOTO)**

A devolución do GPS, será obrigatorio realizala na Cafetería Valdara, Polígono industrial As Gándaras en Lugo, o finalizar os recoñecementos, hora límite 22:00 do mesmo día que se recoñezan os treitos, o non entregar o GPS, será motivo de Sanción polos comisarios deportivos **(Non Autorizado a tomar a Saída na Proba)**

Os equipos que realicen os recoñecementos deberán incorporar obrigatoriamente un sistema GPS que será instalado no vehículo que utilicen para os mesmos.

É obrigatorio que o GPS estea acendido durante todo o tempo de recoñecementos.

O equipo será responsable en todo momento do bo funcionamento do GPS durante os recoñecementos. E no caso de que houbera alguna anomalía deberá comuncalo inmediatamente á organización do Rallye.

Os recoñecementos serán controlados polo GPS, e aplicaranse as Penalizacións e Sancións, en virtude do estipulado no Anuario da FGA 2017:

O número de pasadas máximas por treito serán 3.

A finalización de cada xornada de recoñecementos, elaborarase un informe das infraccións cometidas, que se lle dará traslado o colexio de comisarios deportivos da proba para que actúen en consecuencia.

